



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN 2022 INFORME

Aprobado polo Consello Reitor do IGE, en cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística





## RESUMO DE RESULTADOS

O Plan anual de actuación 2022 (PAA) do Instituto Galego de Estatística (IGE), aprobado por Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 30 de decembro de 2021, contempla 4 indicadores para medir os resultados dos 6 obxectivos operativos nos que se concreta o seu obxectivo estratéxico e que se materializaron en 24 actuacións.

O obxectivo estratéxico do plan é facilitar o funcionamento do IGE como órgano central do sistema estatístico de Galicia e contribuír á consecución dos obxectivos do programa estatístico do mesmo ano, aprobado como Decreto 2/2022, do 13 de xaneiro de 2023. Este obxectivo estratéxico concrétase nos seguintes operativos, clasificados como de nivel alto, medio ou baixo, segundo o seu grao de importancia e impacto.

OBXECTIVOS OPERATIVOS	Nivel	Nº actuacións	Realizadas
OOP1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico	Alto	1	1
OOP2 Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias	Medio	3	2
OOP3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico	Baixo	5	5
OOP4. Apoiar o deseño e avaliación de políticas públicas	Medio	1	0
OOP5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio	Alto	6	4,5
OOP6. Reforzar a organización estatística e a colaboración institucional	Medio	8	8
Total		24	

As actuacións non realizadas ou realizadas en parte foron:

- OOP2: A información económica nas webs internacionais.
- OOP4: Apoio á valoración dos programas operativos.
- OOP5: Integración de modelos de predición económica.
- OOP5: Estudo de proxeccións macroeconómicas 2030. Realizadas horizonte 2026.

INDICADORES IGE 2022	Obxectivo	Resultado
Plan anual de actuación. Grao de execución	70%	83/%
Programa estatístico anual. Grao de execución	95%	100%
Programa estatístico anual. Puntualidade na difusión	70%	100%
Programa estatístico anual. Oportunidade na difusión	12 meses	12 meses

O indicador de execución do plan anual de actuación calcúlase tendo en conta o nivel alto, medio ou baixo asociado cos seus obxectivos operativos. Os indicadores das tarefas encomendadas ao IGE dentro dos programas estatísticos pódense consultar en: [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_paxina.jsp?paxina=006018002002&idioma=gl](https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=006018002002&idioma=gl).



---

## ANEXO I. DETALLE DOS OBXECTIVOS OPERATIVOS

### **OOP1A. Facilitar a coordinación do sistema estatístico**

ACTUACIÓN 1: Recollida de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas

RESULTADO: Realizada.

### **OOP2M. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias**

ACTUACIÓN 2: Participación en congresos e xornadas

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 3: Xestión de fondos da biblioteca do IGE

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 4: A información económica nas webs internacionais

RESULTADO: Non realizada.

### **OOP3B. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico**

ACTUACIÓN 5: Cursos impartidos na EGAP

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 6: Participación no XII Concurso incubadora sondaxes e experimentos

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 7: Participación na XV Feira matemática da AGAPEMA

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 8: Prácticas de estudantes das universidades galegas

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 9: Xornadas de portas abertas

RESULTADO: Realizada.

### **OOP4M. Apoiar estatisticamente o deseño e avaliación de políticas públicas**

ACTUACIÓN 10: Apoio á valoración dos programas operativos.

RESULTADO: Non realizada por falta de demanda.

### **OOP5A. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio**

ACTUACIÓN 11: Microsimulación de impactos do IRPF

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 12: Informe sobre a posición cíclica da economía galega

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 13: Participación no grupo de usuarios do QUEST da DGEFIN

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 14: Aplicación do modelo QUEST-R\$D á economía galega

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 15: Estudo sobre proxeccións macroeconómicas 2030

RESULTADO: Realizadas con horizonte 2026.

ACTUACIÓN 16: Integración dos distintos modelos de predición económica

RESULTADO: Non realizada.



---

**OOP6M. Reforzar a organización estatística e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público**

ACTUACIÓN 17: Oposicións ás escalas superior e técnica de estatística

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 18: Apoio á ATRIGA na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 19: Participar na estimación da recadación das principais figuras tributarias

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 20: Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 21: Colaborar no informe económico-financeiro dos orzamentos xerais

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 22: Informe para AIREF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 23: Axencias Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 24: Participar en observatorios, comisións, consellos e outros órganos

RESULTADO: Realizada.



---

## ANEXO II. DETALLE DAS ACTUACIÓNS

### ACTUACIÓN 2: Participación en congresos e xornadas

- Xornada de saídas laborais do mestrado en técnicas estatísticas. USC. O IGE presentou as súas ofertas públicas de emprego. Febreiro 2022
- Principais novidades da base 2021 do IPC. INE. Febreiro 2022
- Nova Lei do PGE 2022-2026. Boletín da SGAPEIO nº 60. Marzo 2022
- Uso de técnicas de machine learning para producir estatísticas. INE. Marzo 2022
- Xornadas de dixitalización e inventario forestal. Consellería do Medio Rural. O IGE presentou o relatorio: Informe socio-demográfico da rede básica do IFCG e dos solicitantes de aproveitamentos forestais. Abril 2022
- Os investimentos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia: impacto económico, retos de xestión e implicacións orzamentarias. Seminario organizado pola AIReF. Xuño 2022
- Curso FC222-MIXTO: A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implantación nas administracións públicas. EGAP. O IGE presentou o relatorio: O sistema de indicadores dos ODS en Galicia. Outubro 2022
- Informe anual da cadea monte-industria. Axencia Galega de Industria Forestal. O IGE participou con dous relatorios: Plataforma web de indicadores estatísticos da cadea forestal-madeira e Análise socio-demográfica dos solicitantes de aproveitamentos forestais. Novembro 2022
- Mestrado universitario en xestión e dirección laboral. USC. O IGE participou impartindo a materia: Información estatística sobre o mercado laboral. Novembro 2022
- Asemblea xeral da SGAPEIO. O IGE presentou o relatorio: A estatística pública..., para que? Decembro 2022

### ACTUACIÓN 5: Cursos impartidos na EGAP

- Tratamento da información estatística e presentación de resultados empregando software libre R. Abril-maio 2022
- Tratamento avanzado da información estatística empregando software libre R. Outubro-novembro 2022

### ACTUACIÓN 8: Prácticas de estudantes das universidades galegas

Convenios de formación asinados para estudantes da/do:

- Facultade de Matemáticas (USC)
- Universidade de Vigo
- Mestrado en técnicas estatísticas (UDC, USC e UVIGO)
- Facultade de Xeografía e Historia e Escola Politécnica Superior de Enxeñería (USC)
- Facultade de Socioloxía (UDC)
- Mestrado oficial en desenvolvemento económico e innovación (USC)
- Mestrado universitario en economía (UDC, USC e UVIGO)
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (USC)
- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (USC)



No 2022 asináronse os convenios para as titulacións de xeografía, historia, enxeñería e socioloxía e realizaron prácticas no IGE catro estudantes universitarios.

#### ACTUACIÓN 9: Xornadas de portas abertas

No 2022 visitaron o IGE 121 estudantes e 10 profesores dos IES:

- A Sangriña da Guarda
- Compañía de Maria de Santiago de Compostela
- San Mamede de Maceda
- Manuel Murxía de Arteixo

#### ACTUACIÓN 24: Participar en observatorios, comisións, consellos e outros órganos

Órganos da administración autonómica nos que está presente o IGE:

- Comisión de coordinación de sistemas de información xeográfica e cartografía. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- Comisión de seguimento das directrices de Ordenación do territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- Comisión de toponimia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Comisión sectorial da cidadanía. Comunidade de Traballo Galicia Norte Portugal
- Comisión sectorial de desenvolvemento económico e turismo. Comunidade de Traballo Galicia Norte Portugal
- Comité galego de políticas de xuventude. Consellería de Política Social e Xuventude
- Consello de avaliación documental de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Grupo de traballo de sectores estratéxicos. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- Observatorio galego da familia e da infancia. Consellería de Política Social e Xuventude
- Observatorio galego da violencia de xénero. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Observatorio galego de acción voluntaria. Consellería de Política Social e Xuventude
- Observatorio galego de dinamización demográfica. Consellería de Política Social e Xuventude
- Comité de coordinación da calidade. Consellería de Facenda e Administración Pública

No 2022 o IGE participou en reunións do consello sobre avaliación documental, da comisión de coordinación dos sistemas de información xeográfica e dos observatorios de familia, acción voluntaria, violencia de xénero e dinamización demográfica. Tamén deu información para o seguimento das directrices de ordenación do territorio e dos obxectivos dos plans de igualdade e conciliación.



### ANEXO III. NORMATIVA

- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística
- Orde da Consellería de Facenda, do 28 de decembro de 2016, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2017
- Orde da Consellería de Facenda, do 29 de decembro de 2017, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2018
- Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2018, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2019
- Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2019, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2020
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 16 de novembro de 2020, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2021
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 30 de decembro de 2021, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2022
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 23 de xaneiro de 2023, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2023

#### ORDE DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, DO 30 DE DECEMBRO DE 2021, POLA QUE SE APROBA O PAA DO IGE PARA 2022

O Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), desenvolve as previsións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (en adiante LOFAXGA), en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (en adiante LEG) e co resto da normativa específica da Comunidade Autónoma na materia.

Segundo se ordena na LOFAXGA, os organismos autónomos desenvolverán a súa actuación consonte un Plan anual de actuación (en adiante PAA), que será aprobado por orde da consellería de adscrición. En aplicación da LEG e do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o IGE está adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública.

As tarefas encomendadas ao IGE no PAA sumaranse ás que se lle asignen no decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual (en adiante PEA) da Comunidade Autónoma para o mesmo ano, tal e como se prevé no artigo 9 da LEG.

O Consello Galego de Estatística, creado no artigo 45 da LEG como órgano superior consultivo da actuación estatística, e o Consello Reitor, previsto no artigo 63 da LOFAXGA como órgano superior de goberno do IGE, aprobarán os resultados da actuación anual do IGE, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

En canto aos recursos asignados para conseguir os obxectivos previstos, correspóndelle ao Consello Reitor aprobar o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE. Con base en todo o anterior,





## DISPOÑO

### Artigo 1. Natureza xurídica e adscrición

O IGE é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública, creado na LEG e cuxo estatuto foi aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio. O artigo 39 de LEG recolle as súas funcións como órgano que dirixe e coordina a actuación estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma.

Para cumprir estas funcións, que se concretarán nos plans plurianuais e nos programas estatísticos anuais establecidos nos artigos 6 ao 13 da LEG, cómpre dotar ao IGE dos recursos materiais e humanos necesarios e desenvolver unha serie de actuacións complementarias e de apoio das propiamente estatísticas. Ditas actuacións son recollidas nos PAA previstos na LOFAXGA e no Estatuto do IGE.

### Artigo 2. Obxecto

A presente orde ten por obxecto aprobar o PAA do IGE de 2022, mediante o establecemento das actuacións a desenvolver para apoiar e complementar ás que se lle encomenden no PEA 2022.

### Artigo 3. Vixencia

O PAA estará vixente desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro do mesmo ano. De ser o caso, prorrogarase tacitamente ata a aprobación e entrada en vigor do seguinte.

### Artigo 4. Obxectivos

#### I. Obxectivo estratéxico

O obxectivo estratéxico do PAA é de natureza instrumental, para facilitar o funcionamento do IGE como órgano central do sistema estatístico de Galicia e contribuír á consecución dos obxectivos contemplados no PEA do mesmo ano.

#### II. Obxectivos operativos

O obxectivo estratéxico concrétese nos seguintes operativos orientados a:

1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico galego (nivel alto)
2. Mellorar difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias (nivel medio)
3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico (nivel baixo)
4. Apoiar estatisticamente o deseño e avaliación de políticas públicas (nivel medio)
5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio (nivel alto)
6. Reforzar a organización do sistema estatístico e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público (nivel medio)

#### III. Actuacións

O IGE, como soporte e complemento das actuacións estatísticas que se lle encomenden no PEA, realizará no 2022 as seguintes, agrupadas nos obxectivos operativos a satisfacer:

1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico galego
  - Recollida de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas
2. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias



- Participación en congresos e xornadas
- Xestión de fondos da biblioteca do IGE
- A información económica nas webs internacionais
- 3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico
  - Cursos impartidos na Escola Galega de Administración Pública
  - Colaboración coa SGAPEIO no Concurso incubadora de sondaxes e experimentos
  - Participación na XIV Feira matemática da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática
  - Prácticas de estudantes das universidades galegas
  - Xornadas de portas abertas
- 4. Apoiar estatisticamente o deseño e avaliación de políticas públicas
  - Apoio á avaliación dos Programas operativos
- 5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio
  - Microsimulación de impactos no IRPF
  - Informe sobre a posición cíclica da economía galega
  - Participación nas actividades do grupo de usuarios do QUEST da DG ECFIN
  - Aplicación do modelo QUEST-R&D á economía galega
  - Estudo sobre proxeccións macroeconómicas 2030
  - Integración dos distintos modelos de predición económica
- 6. Reforzar a organización do sistema estatístico e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público
  - Oposicións ás escalas superior e técnica de estatística
  - Apoio á Axencia Tributaria de Galicia na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos
  - Participar na estimación da recadación das principais figuras tributarias da Comunidade Autónoma
  - Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Colaboración no informe económico-financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Informe para a AIReF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
  - Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas
  - Participación en observatorios, comisións, consellos e outros órganos

### Artigo 5. Indicadores

Para seguir os obxectivos e resultados do PAA 2022, o Consello Reitor, por proposta da Dirección, aprobará un informe xeral anual das actuacións desenvolvidas polo IGE nese marco, valorando resultados obtidos e consignando deficiencias observadas.

Ademais de dar conta perante o Consello Reitor de cada actuación do PAA 2022, elaborárase un indicador global sobre a súa execución. A el, dado o carácter instrumental do PAA, sumaranse os indicadores que miden os resultados do PEA



2022, que se recollen nun informe aprobado polo Consello Galego de Estatística. Os resultados do PAA 2022 mediranse entón cos seguintes indicadores:

INDICADOR	Valor a acadar no 2022
Grao de execución das actuacións do PAA 2022 (%)	70%
Grao de execución das estatísticas do IGE no PEA 2022 (%)	95%
Puntualidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA 2022 (%)	70%
Oportunidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA 2022 (meses)	12

### Artigo 6. Recursos orzamentarios

Para realizar as actuacións deste PAA e as que se lle encomenden no PEA do mesmo ano, o IGE contará cos recursos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. No proxecto de orzamentos para 2022 figuran os seguintes:

INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA	Proxecto de orzamentos 2022
1. Gastos de persoal	3.143.050
2. Gastos en bens correntes e servizos	333.724
<b>TOTAL gastos correntes</b>	<b>3.476.774</b>
6. Investimentos reais	1.200.000
<b>TOTAL gastos de capital</b>	<b>1.200.000</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>4.676.774</b>

### Artigo 7. Recursos persoais

No desenvolvemento da estrutura organizativa do IGE, regulada na sección III do capítulo II do Anexo do seu Estatuto, os postos de traballo do IGE son os previstos na relación de postos de traballo, publicada como Resolución do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio). A RPT do IGE inclúe 64 prazas e o cadro de persoal actual é de 59 persoas.

INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA		
Prazas	Nº	Nivel
Secretaría xeral	1	30
Subdirección	2	30
Xefatura de servizo	11	28
Xefatura de sección	18	25
Técnico/a facultativo/a superior	1	22
Posto base grupo A1	9	20
Programador/a	1	20
Técnico/a facultativo/a medio/a	2	18
Xefatura de negociado	4	18
Secretario/a dirección	1	18
Operador/a de ordenador	2	18
Posto base grupo C2	2	12
Subalerno/a	1	10
Titulado/a superior	1	grupo I
Enquisador/a	8	grupo III
<b>Total</b>	<b>64</b>	<b>-</b>